

## **"AS NOSAS ORIXES"** (Culleretes Radio)

### Xustificación

Alumnos e alumnas de Educación Primaria do CEIP. "Vila de Rutis", situado no Concello de **CULLEREDO** (A Coruña-España), participaron dun proxecto de colaboración, que ten por obxecto a creación dun laboratorio de radio como ferramenta lúdica e pedagógica.

Desde a nosa biblioteca, apoiados polo Concello e contando coa colaboración da nosa comunidade educativa (pais, avós, profesores, persoal de administración e servizos...), reforzamos a práctica comunicativa e facilitamos oportunidades de aprendizaxe e inclusión para os nosos nenos e nenas.

Previamente á gravación, os participantes familiarizáronse coa linguaxe radiofónica e aprenderon a elaborar un programa de radio, desde a fase de ideación, pasando polo guión e producción, e chegando á realización final..

– Os culleretes:

De onde provén o nome do noso concello? Aproveitando a visita do historiador do Concello de Culleredo, Carlos Pereira Martínez, intentamos coñecer cal é a orixe do nome do noso municipio e a súa posible relación cos culleretes, pero... Qué son os culleretes? Despois dun arduo labor investigador, os nosos alumnos e alumnas entrevistaron a diferentes membros da comunidade educativa e chegaron a unha conclusión sorprendente, queredes sabela?



## Obxectivos

Como xa mencionaramos previamente, o obxectivo xeral do noso proxecto é a creación dun laboratorio de radio como ferramenta lúdica e pedagóxica, como medio de expresión, transmisor de valores e como fonte de coñecemento, entre outros.

Por outra banda e de xeito máis específico, a finalidade é...

- Facilitar a participación de todo o alumnado, como medio de inclusión e de atención á diversidade existente nas nosas aulas.
- Aportar actividades significativas para os nenos e nenas.
- Favorecer o desenvolvemento da creatividade.
- Valorar o uso das dúas linguas oficiais a nivel autonómico e dunha terceira estranxeira, fomentando valores como o respecto, a tolerancia e a solidariedade, entre outros, nunha sociedade pluricultural.
- Potenciar unha actitude positiva de cara á diversidade de culturas.
- Promover o traballo cooperativo: diálogo, respecto, toma de decisións, sentimento de empatía...
- Fomentar o espírito crítico e reflexivo.
- Desenvolver o hábito lector.
- Mellorar a producción oral (pausas, ritmo, intensidade da voz...) e escrita (orden, claridade, ortografía axeitada, boa elección de fotografías ou debuxos...) dos nosos alumnos, como proceso básico de comunicación.
- Estimular as dimensíons de traballo nas emocións e nas habilidades sociais.
- Favorecer a implicación de toda a comunidade educativa nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Etc...

## Participantes

Esta actividade está especialmente deseñada para todos os nenos e nenas do centro, en xeral, e de terceiro e cuarto curso de Educación Primaria, en particular.

Os docentes asumirán un papel secundario, sendo os encargados de controlar e supervisar o correcto desenvolvemento do proxecto (a música, as pausas entre seccións, a redacción correcta das propostas, claridade nas exposicións...); é dicir, poderán adaptar os obxectivos á realidade específica das súas aulas.

Por outra banda, participarán membros de toda a comunidade educativa do CEIP. "Vila de Rutis" (pais, avós, persoal de administración e servizos...), co apoio e colaboración do Concello de Culleredo.

## Metodoloxía

A radio pode convertirse nunha actividade interesante na que pode participar todo o alumnado, adaptando os diferentes elementos curriculares ás necesidades de aula e do proxecto.

Trátase dun recurso perfecto para introducir o traballo por proxectos, xa que deste xeito, os nenos e nenas poderán ter a liberdade de escoller os contidos, en base aos seus propios intereses; seguirán un modelo de aprendizaxe cooperativa (en grupo), poñendo a énfase no papel do alumno como responsable e protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe e do dos demás, favorecendo a interdependencia dos participantes, a motivación mútua, a responsabilidade persoal, as habilidades sociais ou facendo autoevaluación do proxecto grupal; en definitiva, procurando unha aprendizaxe significativa.

## Recursos

As tecnoloxías da información e da comunicación están cambiando o mundo, tamén no eido educativo, sobre todo a raíz da pandemia xerada pola COVID-19.

Empregando o formato Podcast, podemos gravar archivos de audio de corta duración e

"subilos" á plataforma escollida, para escoitalos, compartirlos ou descargarlos ; será suficiente con ter un móvil, tableta ou ordenador con conexión a internet, aínda que se podemos dispoñer de micrófonos, a calidade das gravacións verase incrementada; ademáis, existen aplicacións que poden facilitar moito o traballo a desenvolver, como: SoundCloud, Spreaker, Ivoox, Spotify, Anchor ou Audacity, entre outras.

## Competencias clave

Baseándonos na LOMLOE (Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación), como modelo de aprendizaxe competencial e para que os nosos alumnos poidan alcanzar un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional, mediante este tipo de actividades potenciaremos a adquisición das seguintes competencias:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia dixital.
- Competencia personal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresións culturais.

## Actividade

Este foi un proxecto que xurdiu coa proposta e colaboración do Concello de Culleredo no curso 2018-19; a través deste taller, os nenos e nenas fixeron diversas tarefas, e para iso familiarizáronse previamente coa linguaxe radiofónica, aprendendo cómo elaborar un programa, desde a fase de ideación, pasando polo guión e producción, e chegando á realización final...

Durante algunas semanas e cos seus titores, prepararon algunas entrevistas e podcasts sobre temas de actualidade; dado que somos un centro novo, coa colaboración do historiador do Concello de Culleredo, Carlos Pereira Martínez, intentamos coñecer cal era a orixe do nome do noso municipio e a súa posible relación cos culleretes, pero... Qué son os culleretes? Despois dun arduo labor investigador, os nosos alumnos e alumnas entrevistaron a diferentes membros da comunidade educativa e chegaron a unha conclusión sorprendente, queredes sabela?

Parece ser que os **CULLERETES** son as crías das ras...  
...o que en galego chamamos **CÁGADOS**.



### Conclusíons

Esta proposta permitiu que os nenos e nenas se sentisen motivados e protagonistas da súa propia aprendizaxe, con ganas de mellorar e participar, xerando unha estratexia didáctica para a mellora do seu nivel competencial e o desenvolvemento íntegro da súa personalidade.

ASÍ XURDE... **CULLERETES RADIO**

## **"OUR ORIGINS"** (Culleretes Radio)

### **Justification**

Students of Primary Education of the CEIP. "Vila de Rutis", located in the place of CULLEREDO (A Coruña-Spain), participated in a collaborative project, which aims to create a radio laboratory as a fun and educational tool.

From our library, supported by the city council and with the collaboration of our school community (parents, grandparents, teachers, administration and services staff...), we reinforce the communicative practice and provide learning and inclusion opportunities for our children.

Prior to the recording, the participants became familiar with the radio language and learned to elaborate a radio program, from the ideation phase, through the script and production, and reaching the final realization...

– “Os culleretes”:

Where does the name of our town come from? Taking advantage of the visit of the historian from the Culleredo's City Council, Carlos Pereira Martínez, we try to know what is the origin of the name of our town and its possible relationship with the word “culleretes”, but ... What are the “culleretes”? After an arduous research work, our students interviewed different members of the school community and came to a surprising conclusion, do you want to know it?



## Objectives

As we previously mentioned, the main objective of our project is the development of a radio laboratory as a fun and educational tool, means of expression, a vehicle for certain values and as a source of knowledge, among others.

On the other hand and more specifically, the objective is...

- Facilitate the participation of all students, as means of inclusion and attention to diversity existing in our classrooms.
- Provide meaningful activities for children.
- Promote the development of creativity.
- Value the use of the two official languages at the regional level and a third foreign language, promoting values such as respect, tolerance and solidarity, among others, in a multicultural society.
- Develop a positive attitude towards the diversity of cultures.
- Promote cooperative work: dialogue, respect, decision-making, feeling of empathy...
- Encourage a critical and reflective spirit.
- Foment reading as a habit.
- Improve the oral and written production of our students (pauses, rhythm, intensity of the voice...; order, clarity, proper spelling, good choice of photographs or drawings...), as a basic communication process.
- Stimulate the dimensions of work in emotions and social skills.
- Promote the involvement of the entire educational community in teaching-learning processes.
- Etc...

## Participants

In general, this activity is specially designed for all children in our school and in particular, for the third and fourth year of Primary Education.

The teachers will assume a secondary role, being in charge of controlling and supervising the correct development of the project (music, breaks between sections, correct writing of the proposals, clarity in the exhibitions...); that is, they will be able to adapt the objectives to the specific reality of their classrooms.

On the other hand, members of the entire educational community of CEIP. "Vila de Rutis" will participate (parents, grandparents, administration and services staff...), with the support and collaboration of the Culleredo's City Council.

## Methodology

Radio can become an interesting activity in which all students can participate, adapting the different curricular elements to the needs of the classroom and the project.

It is a perfect resource to introduce project work, because in this way, children can have the freedom to choose the contents, based on their own interests; they will follow a cooperative learning model (group work), emphasizing the role of the student as responsible and protagonist of their own teaching-learning process and of the others, by promoting the interdependence of the participants, mutual motivation, personal responsibility, social skills or making self-evaluation of the group project; in short, ensuring a meaningful learning.

## Resources

Information and communication technologies are changing the world, including in education, especially as a result of the COVID-19 pandemic.

Using the Podcast format, we can record short audio files and upload them to the chosen platform to listen, share or download them; it will be enough to have a mobile,

tablet or computer with an internet connection, although if we can have microphones, the quality of the recordings will be increased; in addition, there are applications that can greatly facilitate the work to be developed, such as: SoundCloud, Spreaker, Ivoox, Spotify, Anchor or Audacity, among others.

## Key competences

Based on the LOMLOE (Organic Law 3/2020, of December 29th, which modifies Organic Law 2/2006, of May 3rd, on Education), as a model of competency learning and so that our students can achieve a full personal, social and professional development, through this type of activities we will promote the acquisition of the following skills:

- Competence in linguistic communication.
- Multilingual competence.
- Digital competence.
- Personal, social and learning to learn competence.
- Citizen competence.
- Entrepreneurial competence.
- Competence in awareness and cultural expressions.

## Activity

This was a project that emerged with the proposal and collaboration of the Culleredo's City Council, in the 2018-19 academic year; through this workshop, the children did different tasks and for that, they became previously familiar with the radio language, learning how to elaborate a program, from the ideation phase, through the script and production, and reaching the final realization ...

For a few weeks and with their tutors, they prepared some interviews and podcasts on current issues; as we are a new school, with the collaboration of the historian of the Culleredo's City Council, Carlos Pereira Martínez, we tried to know what was the origin of the name of our town and its possible relationship with the word "culleretes", but ... What are the "culleretes"? After an arduous research work, our students interviewed different members of the school community and came to a surprising conclusion, do you want to know it?

It seems that the **CULLERETES** are the offspring of the frogs...  
...what in English we call **TADPOLES**.



### Final conclusions

This proposal allowed children to feel motivated and protagonists of their own learning, wanting to improve and participate, generating a didactic strategy for the improvement of their level of competence and the full development of their personality.

THIS IS HOW **CULLERETES RADIO** ARISES...